



Transferencia de Crédito 007-T/21 (16/21)

Expte. Cívidas nº 2021017283

TR – 007T/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/084/2021), de data 30/04/2021, asinado tamén polo Sr. Concelleiro delegado de Facenda e polo Sr. Alcalde-Presidente, na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Educación, mediante Providencia, asinada o 27/04/2021, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de data 05/05/2021 (ref: 7-T/21), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 007-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.22700	Contrato limpeza centros escolares e outros	100.000,00
Total Transf. Positivas:		100.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N180.3380.22610 (RC mod 202100022822)	Festas tradicionais da cidade	100.000,00
Total Transf. Negativas:		100.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería delegada de Educación** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial MaiorAccidental, dou fe.

